



DATOS IDENTIFICATIVOS

Teoría e técnica da fotografía

Materia	Teoría e técnica da fotografía			
Código	P04G071V01105			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	Lens Leiva, Jorge			
Profesorado	Lens Leiva, Jorge			
Correo-e	jlens@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Técnicas de representación fotográfica contemporánea.			

Competencias

Código

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Elaborar dinámicas de traballo en grupo en novas contornas colaborativas	
2 - Coñecer os parámetros fundamentais da técnica fotográfica.	
3 - Axustar medicións satisfactorias con respecto á luminosidade dunha escena e á cantidade de cor dunha fonte de luz	
4 - Empregar programas informáticos para o tratamento dixital de imaxes fotográficas	
5 - Desenvolver proxectos fotográficos de tipo persoal onde se asuman riscos expresivos e temáticos	
6 - Ser consciente de que a fotografía implica unha toma de conciencia responsable e ética coas persoas e a contorna que nos rodea	

Contidos

Tema	
1. Técnica fotográfica I.	Parámetros fundamentais da cámara: 1.1 Enfoque 1.2 Diafragma 1.3 Tempo de exposición
2. Técnica fotográfica II.	2.1 Valor de exposición 2.2 Sensibilidade. Escala ISO 2.3 Tipos de medición da luz. Matricial. Ponderada. Puntual 2.4 Elección da exposición: Luz uniforme. Luz irregular. 2.5 HDR. Casos especiais
3. Técnica fotográfica III.	3.1. Orientación da luz con respecto á cámara 3.2. Profundidade de campo 3.3. Tipoloxía dos obxectivos 3.4. Temperatura cor. Balance de brancos 3.5. O flash

4. Técnica fotográfica IV	Trucos de composición 4.1. Engadir elementos en primeiro plano 4.2. Establecer relacións entre elementos 4.3. Reencadrar con algún elemento do primeiro plano 4.4. Facer fotos a través de algún elemento 4.5. Forzar o encuadre hacia un punto de interés 4.6. Saturación de cor e textura 4.7. Lei do movemento e da mirada 4.8. Encher ou distribuir o encadre de elementos 4.9. Destacar o motivo principal do fondo 4.10. Manter a liña do horizonte horizontal 4.11. Luz suxerente
5. Historia da fotografía I. Antecedentes históricos da fotografía e primeiras manifestacións fotográficas.	5.1 A cámara oscura. 5.2 Pioneiros. Niepce, Daguerre, Fox Talbot 5.3 Funciones da fotografía: Sociedades Heliográficas, Muybridge, Marey, Disderí, Nadar 5.4 A cámara Kodak 5.5 O asociacionismo: Photo Club, Photo Secession (Stieglitz) 5.6 O Grupo f64 (Weston)
6. Historia da fotografía II. Desde o pictorialismo ata os nosos días. Autores e tendencias.	6.1 Nova Visión (Man Ray, Rodchenko, Moholy Nagy). 6.2 Nova Obxetividade (Blossfeldt, Sander). 6.3 Documentalismo: Cartier Bresson, Doisneau, Manuel Ferrol, Catalá Roca 6.4 Street Photography en EEUU (años 50): Robert Frank, William Klein, Lee Friedlander, Diane Arbus). 6.5 Escola de Madrid. 6.6 Eggleston
7. A representación fotográfica contemporánea. Autores representativos e tendencias.	7.1 O retrato na fotografía contemporánea 7.2 A paisaxe na fotografía contemporánea 7.3 A fotografía construída na fotografía contemporánea 7.4 O documentalismo na fotografía contemporánea

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Obradoiro	23	23	46
Lección maxistral	22	44	66
Exame de preguntas obxectivas	2	5	7
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	8	10
Práctica de laboratorio	1	20	21

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Obradoiro	Actividades fotográficas enfocadas á asimilación dos contidos teóricos da materia, así como á posta en práctica da técnica fotográfica a través da titorización en grupo e individual do profesor.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos teóricos en torno á evolución da fotografía (desde os antecedentes fotográficos ata os autores contemporáneos), así como sobre aqueles aspectos relativos á técnica fotográfica que logo se porá en práctica nas horas de obradoiro correspondentes.

Atención personalizada

Probas	Descrición
Práctica de laboratorio	Atención individualizada ao desenvolvemento das tarefas prácticas coa cámara fotográfica

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Os obradoiros avaliaranse de forma continua e personalizada; agás nos casos excepcionais, non haberá ningunha proba escrita que faga media con outras probas. A avaliación será a través dos traballos fotográficos obrigatorios (oito, aproximadamente) que haberá que presentar ao longo do curso. Tamén se valorará a actitude do alumno con respecto á asignatura e a súa implicación ca materia.

Lección maxistral	A proba consistirá en preguntas curtas relacionadas cos contidos vistos na aula. Terán especial relevancia na nota final as preguntas dedicadas á asimilación da práctica fotográfica (escala de diafragmas e de velocidade). No caso de realizarse esta proba, o seu valor será o 50% da nota total da materia	50
Resolución de problemas e/ou exercicios relacionados coa fotografía	Esta proba servirá para coñecer o nivel inicial dos alumnos en aspectos polo que se realizará a comezos de curso e non terá incidencia na nota final.	Sin incidencia na nota final.

Outros comentarios sobre a Avaliación

A proba teórica será realizada obrigatoriamente por aqueles alumnos que acumulen máis de 6 faltas de asistencia entre as clases prácticas e as clases teóricas. Tamén, de forma voluntaria, poderá realizarse para subir a nota da asignatura. En ámbolos dous casos, o valor desta proba será do 50%, mentras que o outro 50% será a calificación total dos traballos prácticos.

Para os alumnos que non teñan que realizar a proba teórica, a avaliación dos talleres prácticos (traballos prácticos entregados) será o 100% da nota. Dentro de este porcentaxe, reservase un 10% aproximadamente pra valorar o grao de implicación e a actitude do alumno con respecto á materia.

O feito de non entregar un traballo práctico significa un cero nise traballo, que fará media co resto de notas dos outros traballos.

Para as convocatorias seguintes, será igualmente necesaria a entrega de traballos prácticos, tomando como referencia os encargados no ano académico en que se desenvolva o examen.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

BARTHES, Roland, **La cámara lúcida**, Paidós Ibérica, 1995

DALY, Tim, **Manual de fotografía digital**, Taschen Benedikt, 2000

FONTCUBERTA, Joan, **El beso de Judas**, Gustavo Gili, 1997

LANGFORD, Michael, **La fotografía paso a paso**, Hermann Blume, 2004

LOPEZ MONDÉJAR, Publio, **Historia de la fotografía en España**, Lunweg, 1997

SONTAG, Susan, **Sobre la fotografía**, Alfaguara, 2005

MARZAL FELICI, Javier, **Cómo se lee una fotografía. Interpretaciones de la mirada**, Cátedra, 2008

FREUND, Gisèle, **La fotografía como documento social**, Gustavo Gili, 2001

PETERSON, Bryan, **Los secretos de la fotografía (Guía de campo)**, Tutor, 2010

CARROLL, Henry, **Lea este libro si desea tomar buenas fotografías**, Blume, 2017

KELBY, Scott, **Iluminar, disparar y retocar. Conseguir fotografías de máxima calidad**, Anaya Multimedia., 2012

ARIAS, Zack, **Fotografía. Preguntas y respuestas**, Anaya Multimedia., 2014

MEOLA, Christa, **Fotografía boudoir. El arte de la sensualidad**, Anaya Multimedia. Colección Photo Club, 2013

duCHEMIN, David, **Mercaderes de imágenes. La fotografía como pasión y profesión**, Anaya Multimedia., 2010

RIVAS, Rodrigo, **Fotografía de calle. Memoria de la ciudad**, Anaya Multimedia. Colección Photo Club, 2017

Bibliografía Complementaria

EGUIZÁBAL MAZA, Raúl, **Fotografía publicitaria**, Cátedra, 2001

Recomendacións

Materias que continúan o temario

(*)/

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

(*)/

Plan de Continxencias

Descrición

Debido á incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID-19, as metodoloxías docentes poderán

sufrir variacións.

METODOLOXÍA

En caso de confinamento, o que obrigaría a unha docencia online, as clases maxistras desenvolveríanse a través do campus remoto, mantendo sesións semanais coa totalidade do alumnado que se verían reforzados con material docente adicional que se subiría á plataforma Faitic.

Ademáis, o docente mantén unha canle na plataforma Youtube onde están subidos uns 15 tutoriais que poderían verse incrementados en función da duración do confinamento.

A maiores, debido ao anterior confinamento, o docente puxo en marcha o blog fotográfico cadadiaunclick.blogspot.com orientado a que o alumnado tivera contidos adicionais máis aló dos recollidos nesta guía docente e que se actualizou diariamente no primeiro mes do confinamento. En caso de necesidade, activaríase tamén este recurso e actualizaríamos según as necesidades.

AVALIACIÓN

En caso de confinamento, a avaliación non sufrirá cambios xa que a entrega de traballos evaluables farase en calquera caso a través da plataforma Faitic. Únicamente habería que adaptar os traballos á situación de cuarentena que impediría facelos fora dos domicilios do alumnado.
